

ACTIVIDADES ALUMNADO NEAE

A continuación realizamos una serie de propuestas para aquel alumnado que presenta alguna adaptación curricular ou recibe una atención educativa diferente á do currículo ordinario:

-) **Autonomía:** procurar na medida do posible que o alumno/a colla a súa roupa e se vista só/soa (axudarlle se amosan dificultades con certos botóns, cremalleras ou cordóns), intentar que faga as comidas de forma autónoma (empregar o garfo e a culler), realizar tarefas como poñer e recoller a mesa (nisto poden colaborar todos os membros da casa), limpar o seu cuarto, gardar/recoller os seus xoguetes,
-) **Motricidade fina:** poñer e sacar pinzas, introducir macarróns nun cordón ou fío de lá; pegar gomets, abrir e pechar botes ou botellas, amasar calquera tipo de masa ou material brando, xogar con plastilina, garabatear e/ou debuxar nun papel, rasgar cos dedos follas de xornal, recortar con tesoiras, xogar con puzzles ou ensartables (no caso de ter algún na casa)...
-) **Motricidade grossa:** nomear e tocar as partes do cara (ollos, boca, nariz, orellas, pelo) e posteriormente, as partes do corpo de arriba a abaixo (cabeza, tronco, brazos, pernas, xeonllos, pés). Levar a man do propio neno para que sinala ditas partes no seu corpo e logo no corpo doutra persoa. Intentar, pouco a pouco, que o neno sinala ditas partes el só.

- 
-) **Seguimento visual:** ensinar algún obxecto ou alimento do seu interese e intentar que o siga coa mirada, empregar un boneco ou coche de xoguete e facer algún percorrido que o alumno/a siga visualmente, elevar coa nosa man un obxecto do seu interese por enriba das nosas cabezas e pedirlle que o colla, esconder un obxecto dentro dunha caixa/bote e pedirlle que o busque (nun primeiro momento será recomendable que nos vexa esconder o obxecto de forma clara),
-) **Entrega de obxectos:** colocar diante do alumno/a dous obxectos e pedirlle que entregue un deles. Pe: Dame o coche! Cando o alumno/a nolo entrega recompensalo cun bico ou aperta, se non, volver a colocar o obxecto e repetir a acción. De vez en cando, cambiarlle o nome do obxecto que se lle pide.
-) **Sinalar obxectos:** procurar poñer obxectos que desexe fóra do seu alcance para que sinale o que quere (auga, galletas, xoguete), visionar videos nun ordenador ou teléfono móbil e pedirlle que sinale o video que quere ver, ensinalle fotografías e pedirlle que sinale persoas que son relevantes para el/ela,
-) **Imitación:** procurar que imite xestos realizados con algún obxecto (introducir uns garabanzos en 2 botellas; 1 botella para o alumno/a e outra para o adulto e realizar movementos como golpear a botella coa man, dar golpes coa botella nunha superficie sólida, etc), imitar outro tipo de accións realizada polo adulto (saltar, xirar, elevar os xeonllos, etc).
-) **Facer unha asemblea:** se pode ser, mellor en familia. Para seguir a mesma podedes utilizar o calendario que vos proporcionamos en PDF.
- Ver no calendario que día é (día da semana), que día da semana foi onte e que día será mañá-
 - Mirar pola ventá para comprobar o tempo atmosférico: se chove, se quenta o sol, se venta, se fai frío/calor..